



Concello de
OURENSE

Gabinete de Prensa
Concello de Ourense
prensa@ourense.gal
988.388.121

Asunto: Informe sobre comunicación de incidencias na prestación dos servizos municipais

O Concello de Ourense comunica a través de diferentes medios as incidencias que se producen ou se van producir nos servizos municipais que afectan de xeito directo á cidadanía.

O protocolo nestes casos é o seguinte: a área municipal que presta o servizo afectado pon a situación en coñecemento do equipo de Comunicación deste Concello, que dá difusión da incidencia e recomendacións á cidadanía a través dunha nota de prensa que se remite por correo electrónico aos medios de comunicación locais e rexionais, publicación como noticia na páxina web do Concello www.ourense.gal e nas redes sociais do Concello de Ourense (Facebook e Twitter).

A modo de exemplo, podemos citar o peche temporal da estación termal de As Burgas para realizar traballos de mantemento, da que se adxunta PDF. Outros casos comúns son os cortes de tráfico motivados por competicións deportivas ou execución de obras, ou cortes temporais da subministración de servizos como a auga, entre outros .

Ourense, 17 de febreiro de 2017

Oscar González Sola
Técnico de Comunicación





TURISMO E TERMALISMO

- Información
- Turismo
- Termalismo

Turismo e Termalismo

A estación termal das Burgas permanecerá pechada ata o venres 17 de febreiro por labores de mantemento



O Concello de Ourense pechará a estación termal das Burgas desde o domingo 12 ata o venres 17 de febreiro, ambos incluídos, para efectuar labores de mantemento. As actuacións centraranse nas instalacións e nos aseos, para que desta forma estean preparadas para as datas do Entroido, nas que Ourense agarda recibir un maior número de visitantes. A previsión é abrir o sábado 18, cando a estación termal das Burgas volverá ao seu horario habitual: de martes a domingo de 10:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas.

ÁREAS

- Asuntos Sociais
- Comercio
- Cultura
- Deportes
- Educación
- Igualdade
- Infraestruturas
- Limpeza Varia
- Medio Ambiente